En 2019 Lanchas debutouno Teatro de la Zarzuela de Madrid protagonizando ‘El sueño de una noche de verano’, de Joaquín Gaztambide. Tamén interpretou o rol de Pistola na nova produción de “Falstaff”, baixo a dirección escénica de Laurent Pelly no TeatroReal de Madrid. En setembro, abriu a temporada do Palau de les Arts de Valencia como Bartolo en “Le Nozze di Figaro”. Para 2020, o barítono colombiano regresou ao Teatro de la Maestranza de Sevilla na ópera “Agripina”.

TOSCA

Daniela Quiza

Pequeno pastor

Soprano

Daniela Quiza é unha moza intérprete galega en formación que aos seus 15 anos conta xa cunha sólida base musical e escénica. Estuda canto no Conservatorio Profesional de Música, onde avanzou con rapidez e completou nun só ano os dous primeiros cursos do grao profesional ata cursar actualmente cuarto. Iniciou a súa formación en piano entre 2018 e 2023.

Desde 2019 fórmase na escola de artes El Laboratorio, onde estuda danza (clásico, jazz, urbanas e flamenco), teatro, debuxo e pintura. Co seu grupo teatral participou en montaxes como "Sueño de una noche de verano", "Mucho ruido y pocas nueces", "Romeo y Julieta" e "Prohibido suicidarse en primavera".



Membro do Coro Gaos desde 2016, formou parte das súas diferentes seccións —infantil, mocidade e adulta—, debutou en "Falstaff" de Verdi e participou máis recentemente como soprano en "Carmina Burana" e na "Carmen" de Calixto Bieito dentro da 73ª Temporada Lírica da Coruña.

En 2018 interpretou o papel de Moloso en "Andrómaca", obra gañadora do XXI Certame de Teatro da Deputación da Coruña; en 2022 foi solista na Suite Disney coa Orquestra e Coro Gaos; e en 2023 participou como protagonista na estrea mundial da ópera "Oca", de Juan Durán. Ese mesmo ano interveu como figurante na película "¡Salta!", dirixida por Olga Osorio..

Recentemente foi protagonista do musical de nova creación "Lúa", produción impulsada pola Orquestra Sinfónica de Galicia e Volana Producciones.

TOSCA

Orquestra Sinfónica de Galicia

Creada en 1992 polo Concello da Coruña, cidade en cuxo Palacio da Ópera ten a súa sede, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España ademais dunha marca internacional con seguidores nos cinco continentes a través da súa canle de YouTube.

A OSG, cuxo director titular desde a temporada 2023-24 é Roberto González- Monjas e Víctor Pablo Pérez o seu director honorario, foi orquestra residente do Festival Rossini de Pesaro de 2003 a 2005 e do Festival Mozart da Coruña desde a súa creación en 1998. Ademais, a súa presenza nacional e internacional foi constante, con concertos nas mellores salas en España e con varias xiras por Alemaña e Austria. En 2007 realizou unha xira por América do Sur —con concertos en Chile, A Arxentina, Brasil, Uruguai e Montevideo—, a finais de 2009 presentouse na histórica sala do Musikverein de Viena e en 2016 ofreceu dous concertos nos Emiratos Árabes. Neste 2026 realizaron a súa primeira xira no Reino Unido onde protagonizaron sete concertos.



TOSCA

Orquestra Sinfónica de Galicia

Tanto para os seus concertos internacionais como para os seus programas de abono a OSG conta con solistas como Anne-Sophie Mutter, Isabelle Faust, Maurizio Pollini, Krystian Zimerman, Grigory Sokolov, Frank Peter Zimmermann, Maria Joao Pires, Elisabeth Leonskaja, Dmitri Sitkovetsky, Stefan Dohr, Alica Sara Ott, Gil Shaham, Sarah Chang, Leonidas Kavakos, ArcadiVolodos, Mischa Maisky, Javier Perianes ou Christian Lindberg entre outros moitos.

Con ela cantaron Bryn Terfell, Ewa Podles, Plácido Domingo, Juan Diego Flórez, Simón Estes, Leo Nucci, Alfredo Kraus, Teresa Berganza, Mattias Goerne, María Bayo, Ainhoa Arteta, Mirella Freni, Ann Murray, Amanda Roocroft, Ildar Abdrazakov, Hildegard Behrens, Eva Marton, Giuseppe Giacomini, Philip Langridge, Carlos Chausson, Raúl Giménez, Isabel Rey, Carlos Álvarez, Ana María Sánchez ou Giuseppe Sabbatini, e sempre baixo a batuta de mestres como Gustavo Dudamel, Lorin Maazel, Eliahu Inbal, Neville Marriner, Michail Jurowski, Ton Koopman, Guennadi Rozdestvenski, Libor Pesek, Maurizio Pollini, Christoph Eschenbach, James Judd, Stanislaw Skrowaczeski, Richard Egarr, Daniel Harding, Jesús López Cobos, Osmo Vänskä, Alberto Zedda, Yoav Talmi, Raymond Leppard, Carlo Rizzi, Josep Pons, John Nelson, Gianandrea Noseda, Ron Goodwin ou Manfred Honeck entre outros.

Na súa discografía para selos discográficos como Deutsche Grammophon, Sony, BIS, EMI, DECCA, Koch, Naïve, BMG e Arts figuran nomes como os de Juan Diego Flórez, Kaori Muraji, Peter Maag, Antonio Meneses, Iván Martín, Manuel Barrueco —con quen foi proposta para o premio Grammy 2007 polo mellor álbum clásico do ano—, María Bayo, Plácido Domingo, Juan Pons ou Ewa Podles entre outros.

A OSG converteu a súa canle de YouTube na máis vista do sector en España e unha das máis visitados a nivel europeo: con máis de cen mil subscritores os vídeos da OSG superan os trece millóns de visualizacións no último ano desde un total de 227 países. O éxito internacional da súa canle e as retransmisións en streaming HD iniciadas na temporada 14-15 supuxeron a súa proposta para o premio ao Classical: Next Innovation Award 2015.

A OSG foi premiada coa Medalla de Ouro da Real Academia Galega de Belas Artes e é Premio Cultura Galega da Música 2010. A OSG está financiada polo Concello da Coruña, aXunta de Galicia e a Deputación da Coruña.

TOSCA

Oliver Díaz
Dirección Musical

Logo de cursar os seus estudos de piano no Peabody Conservatory of the John HopkinsUniversity, foi premiado coa prestixiosa bolsa de estudos “Bruno Walter” de dirección de orquestrapara estudar na Juilliard School of Music con mestres do prestixio de Otto Werner Mueller, Charles Dutoit ou Yuri Temirkanov.

Ao seu regreso dos Estados Unidos fundou a Orquestra Sinfónica Ciudad de Gijón e a Barbieri Symphony Orchestra, ocupando en ambos os casos o posto de director artístico e titular.

A súa carreira levouno a dirixir a maioría das orquestras españolas de primeira liña como a Orquesta de Radio Televisión Española, a OrquestaSinfónica de Castilla y León, a Orquesta Sinfónica del Gran



Teatre del Liceu, a Orquesta de la ComunidadValenciana ou a Orquesta Sinfónica de Madrid, a Real Filharmonía de Galicia, a Orquesta de Euskadi, a Oviedo Filarmonía, a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquesta Sinfónica de Bilbao ou a Orquesta del Principado de Asturias, por mencionaralgunhas. Fóra das nosas fronteiras traballou con formacións como a Orquestra de Montecarlo, a Orquestra Filharmónica de Belgrado, a Malta Philharmonic Orchestra, a New Amsterdam Symphony, a Cluj Philharmonic Orchestra, coa que realizou numerosas colaboracións, a Orquestra Filharmónica Rusa ou a Orquestra Nacional de Perú.

Traballou no Palau de Les Arts, no Teatro Campoamor, no Teatro de la Zarzuela, no Teatro Real, no Gran Teatre del Liceu ou no Teatro de la Maestranza, no Teatro alla Scala de Milan, no Teatro Romano de Orange, na Royal Opera House de Muscat (Oman), e foi o primeiro director de orquestra español en debutar no foso do prestixioso Teatro Helikon de Moscova.

TOSCA

Oliver Díaz
Dirección Musical

Foi convidado a dirixir en prestixiosos festivais como o Festival Internacional de Santander ou Les Chorégies d'Orange e desde 2022 ten o cargo de director artístico do Malta Summer Festival.

Os seus máis recentes e futuros compromisos inclúen odebut na temporada de ABAO e a volta a coliseos como o Palau de les Arts, o Teatro de la Maestranza, o Auditorio Alfredo Kraus das Palmas ou o Teatro Campoamor de Oviedo.

Entre o ano 2015 e 2019 ocupa o cargo de director musical do Teatro de la Zarzuela de Madrid, e é membro fundador evicepresidente da Asociación Española de Directores de Orquesta(AESDO).

Nos últimos anos desenvolveu a súa dupla faceta de compositor e arranxador en producións, tanto do Teatro de la Zarzuela como nun especial proxecto da Orquesta de Radio Televisión Española ou a Compañía Nacional de Danza.

A día de hoxe ten no seu haber máis dunha ducia de gravacións realizadas para os selos discográficos NAXOS ou Warner Music Spain, entre outros.

TOSCA

Coro Gaos

O Coro Gaos nace en outubro de 2010 como continuación do proxecto da Orquestra Gaos.Está constituído por unhas 50 voces e todos eles teñen unha ampla experiencia en diferentes coros da comunidade galega. A súa actividade repártese entre o repertorio ao vivo e a música sinfónico-coral, cunha especial énfase na ópera, participando de xeito anual nas producións da temporada coruñesa.

Desde a súa creación organiza ciclos de concertos e realiza xiras polo territorio nacional e internacional onde salientan, entre outras, a súa participación no 49º Festival Internacional de Canto Coral de Barcelona e os concertos realizados no Festival de Música Religiosa de Guimarães. Obtén o primeiro premio no XIII Concurso Nacional de Corais Antonio José, celebrado en Burgos (2014), o segundo premio no XXXII Certamen Coral Internacional Villa de Avilés (2015), o segundo premio no XLV Certamen Coral de Ejea de los Caballeros (2016), o premio do público no 63º Certamen Internacional de Polifonía y Habaneras (Torrevieja), o segundo premio no Gran Premio Nacional de Canto Coral celebrado en Villanueva de la Serena (2017) e o primeiro premio e premio á mellor interpretación da obra obrigada no VI Certame Coral Vila de Arbo (2018). Ademais,participa no Gran Premio Nacionalde Canto Coral celebrado en Burgos (2018) onde recibe fantásticas valoracións.

En 2019 participa no 51º Certamen Coral de Tolosa, onde compite con coros de todo o mundo, e realiza concertos en Euskadi. En setembro de 2015 pon en marcha un novo proxecto: os MiniGaos, dous coros infantís cos que inculcar desde a base a paixón pola música e o canto coral, e queconta xa con 60 nenas enenos. En setembrode 2018 completa a familia coral co Coro Gaos Xove. Fernando Briones é o director-fundador do Coro Gaos.



TOSCA

Fernando Briones
Dirección musical Coro Gaos

Estuda Dirección de Orquestra no ESMUC cos mestres Lutz Köhler e Salvador Brotons onde se gradúa coas máximas cualificacións. Completa os seus estudos de dirección coral e orquestral con importantes mestres en España, Austria e Italia e é asistente do mestre Alberto Zedda nas súas últimas producións.

É director titular da Orquestra e Coro Gaos desde a súa creación en abril de 2009, coa que desenvolve unha intensa actividade, especialmente no repertorio lírico, dirixindo solistas como Sondra Rodvanosky, Ainhoa Arteta,Vanessa Goikoetxea, Rocío Pérez, Ruth Iniesta,



Carol García, Celso Albelo, Alejandro Roy, Antonio Gandía, Borja Quiza, Carlos Álvarez e Simón Orfila, entre outros.

Como director do Coro Gaos, obtén premios nacionais e internacionais en concursos e certames corais. Dirixe a Orquestra Sinfónica de Galicia,a Oviedo Filarmonía, a Orquestra Filharmónica de Taipéi, a Orquestra Chinesa de Taipéi e a Orquestra e Coro Filharmónico de Kosovo, entre outras. En 2020 dirixe unha nova produción da obra “La verbena de la Paloma” para a Temporada de Ópera da Coruña coa que mantén unha estreita colaboración. En novembro dese mesmo ano dirixe “I Pagliacci” e “Cavalleria Rusticana”, no Festival de Ópera de Fuerteventura. Á fronte da Orquestra Gaos, dirixe “Rigoletto” (2022) e “Don Giovanni” (2024) no Festival de Ópera de Lanzarote.

Gravou distintos traballos discográficos como “Lela” (VRS2103) (2011), a BSO da serie de TVE “Seis hermanas” (2017), “Cubalicia” (2021) ou “Suite Letea”,(2023). En 2024 dirixe a Orquestra e o Coro Gaos na obra “La Bohème” na Temporada Lírica da Coruña, na cal exerce como titular diante da Orquestra Sinfónica de Galicia na Gala de Clausura con Ewa Plonka.

Compaxina a súa actividade de concertos coa docencia na cátedrade dirección do Conservatorio Superior de Música da Coruña e como pianista do barítono Borja Quiza.

TOSCA

Pablo Carballido
Dirección Coro Cantabile

Pablo Carballido del Camino, tenor, profesor de canto e director de coro, realiza os seus estudos no Conservatorio Superior de Música da Coruña e gradúase en 2001 na especialidade de Canto baixo a ensinanza de Antón de Santiago, para obter as máximas cualificacións e Premio Extraordinario. É tamén Graduado en Artes Aplicadas, especialidade de Volume (escultura) e Restauración.

Asiste a clases maxistrais de canto con importantes figuras como Marimí del Pozo, Helena Lazarska, Ana Luisa Chova, María Bayo, repertorio con Alejandro Zabala, Istvar Cerjan, interpretación escénica con Emilio Sagi, e dirección coral con Scott Stroman, Javier Busto, Gorka Sierra e Julio Domínguez.

Membro solista da Agrupación Lírica Ofelia Nieto e do grupo Magníficat, realiza con ambas as dúas agrupacións numerosas representacións e recitais de ópera, zarzuela e música relixiosa en cada xira polos máis importantes escenarios da nosa comunidade, con “Dido e Eneas” de H. Purcell, “El Barberillo de Lavapiés” de Barbieri, “La del Manojo de Rosas” de P. Sorozábal, “La Gran Vía” de Chueca, “Stabat Mater” de Boccherini, “O Mesías” de G. F. Händel, “Le Roi David” de Honegger e “Petite Messe Solennelle” de Rossini.



Colabora como solista habitualmente nos Festivais de Amigos da Ópera e Festival Mozartda Coruña baixoa batuta de directores de sona mundial e xunto a primeirísimas figuras da lírica (Gómez Martínez, Ros Marbá, Panni, Armiliato, Petrenko, Sagi, D. Abbado, Rodríguez Aragón, Guleghina, Pons, Arteta, Casanova, Blancas, Ciofi, Jordi, Capitanucci, Albelo...). Realizapara a Universidade da Coruña a estrea absoluta en recital do papel de Pedro Madruga, protagonista da ópera “Inés e Bianca” do compositor galegodo século XIX Marcial del Adalid, incompleta, reintegrada e publicada en 2007 pola Xunta de Galicia.

TOSCA

Pablo Carballido
Dirección Coro Cantabile

Desenvolveu o seu labor pedagóxico da música en diversos centros e desde 1998 ata a actualidade na Escola Municipal de Música da Coruña como profesor titular de Canto e director do coro da escola.

Imparte decote cursos e seminarios de Canto e Técnica Vocal tanto para coros como para estudantes de canto. Foi director auxiliar da Coral Polifónica El Eco e Titular da Coral Infantil El Eco e do Coro Sta. María do Mar. Traballou como mestre de técnica vocal do Coro Universitario da Coruña e do Coro de Cámara Madrigalia.

Director titular do Coro Infantil e Xuvenil Cantábile desde a súa fundación, agrupación distinguida con numerosos galardóns: mencionada e destacada nas súas intervencións pola súa gran calidade técnica e musical. Xunto a eles, participou en numerosos concertos, xiras, actos protocolarios e festivais de ópera (“La Dolores”,“Tosca”, “Carmen”, “La Bohème”, “Otello”, e recentemente “Parsifal” xunto a formacións como a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquestra Sinfónica de Liverpool, a Orquesta Sinfónica de Castillay León).

Posúen dous traballos discográficos, “Cantábile", con repertorio coral e “Vivaldi”, dedicado á obra sacra deste compositor, con orquestra formada por profesores da OSG. Gravaron a banda sonora da longametraxe de animación “De Profundis”, de Miguel Anxo Prado e Nani García, xunto á Orquestra Sinfónica de Galicia.

A nivel internacional participou con grande éxito no Certame Internacional de Polifonía de Pesaro (outubrode 2004) e en xira por Austria (setembro de 2005), actuou na Catedral de Santo Estebo de Viena,Abadía de Altenburg e Convento de Franciscanos de Salzburgo, Casa de España de Lisboa (2007), 3º Premio no Concurso Nacional de Coros Antonio José (Burgos, 2008),Concerto na Casa de Galicia en Barcelona (xullo de 2009), Concerto na igrexa de Montserrat e intervención durante a liturxia da Inmaculada Concepción ante Bieito XVI (Roma, decembrode 2009) e Festival Internacional de coros (Boloña, outubro de 2010).

TOSCA

Coro Cantabile

O Coro Infantil e Xuvenil Cantábile nace da asociación que leva o seumesmo nome, como un gran proxecto musical e social que integra nenos enenas, coa música clásica como fío condutor.

Desde o seu nacemento en 2002, convértese nun referente musical en toda Galicia, grazas ao gran número de concertos e xiras que realizaron tanto a nivel nacional como internacional: Viena, Salzburgo, Lisboa, Boloña, Madrid, Roma... Ademais, os numerosos premios recibidos e a crítica avalan a súa traxectoria interpretativa e, en especial, a súa técnica sonora e vocal, grazas ao seu director Pablo Carballido del Camino, tenor e profesor de canto.

Cantábile xa gravou seis discos, entre eles a banda sonora da película "De Profundis" (estreada coa Orquestra Sinfónica de Galicia), o disco dedicado á obra vocal sacra de Vivaldi avalado polo musicólogo José López Calo, "Mozart y Haydn en las voces de Cantábile" ou o seu último proxecto, "Palabras de Luz", doce pezas corais inéditas, galegas e en galego, que compartiron tamén con todos os coros galegos, e que foi premiada na sétima edición dos Martín Códax da música galega, na categoría de "Coros e grupos vocais".



TOSCA

Paul-Émile Fourny
Dirección de escena

Paul-Émile Fourny naceu en Liexa en 1961. Logo de obter o Primeiro Premio de “Artes da Palabra, Teatro e Declamación” outorgado en 1981 polo Conservatorio Real de Valonia (Liexa, Bélxica), desenvolveu a súa actividade profesional sucesivamente como profesor, actor e director, ademais de exercer como director de animaciónno Centro Cultural de Oupeye. En 1985 incorporouse ao equipo de Gérard Mortier no Théâtre de la Monnaie de Bruxelas, onde colaborou con directores do prestixio de Gilbert Deflo, Pier-Luigi Pizzi e Yannis Kokkos, entre outros.

A partir de 1989, continuou a súa traxectoria en Francia, traballando para a Ópera de Aviñón e as Chorégies d'Orange.



En outubro de 2001, foi nomeado director artístico e xeral da Ópera de Niza. Como auténtico home de teatro, posúe un fondo dominio tanto da vertente artística como da xestión administrativa da produción.

Entre as óperas que dirixiu destacan: “La vida breve” de Manuel de Falla en Niza (maio de 1997 e maio de 2004); “Oedipus Rex” de Stravinsqui en Niza (maio de 1999); “Rigoletto” de Verdi en Niza (novembro de 1999), nas“Chorégies d'Orange” (xullo de 2001), en Tesalónica (setembro de 2002) e na Ópera Real de Valonia en Liexa (outubro de 2003); “Die Entführung aus dem Serail (O rapto no serrallo”) de Mozart en Niza (abril de 2000) e na Ópera de Israel en Tel Aviv (maio de 2002); “Ariane et Barbe-Bleue” de Dukas na Ópera Estatal de Praga (maio de 2001), na New York City Opera (outubro de 2005) e en Niza (maio de 2006); “Don Giovanni” de Mozart en Niza (xaneirode 2002); “Andrea Chénier” de Giordano no Festival Internacional de Santander (agosto de 2002); e “Lucia di Lammermoor” de Donizetti no Festival de Antibes (xullo de 2002), enNiza (outubro) e en “Lacoste” (xullo de 2006). En 2006, puxo en escena “Norma” de Bellini en Niza; “Faust” de Gounod para o Teatro Cervantes de Málaga; e “Rigoletto” para a Fondazione Pergolesi Spontini de Jesi.

TOSCA

Paul-Émile Fourny
Dirección de escena

Tamén dirixiu "O país das sorrisos" de Lehár en Niza (decembro de 2006), "Rigoletto" na Ópera de Massy (xaneiro de 2007), a estrea mundial de "Sans Famille" de Jean-Claude Petit en Niza (febreirode 2007), "Mireille" de Gounod en Tolón, "Roméo et Juliette" de Gounod enHong Kong (maio de 2007), "Norma" para a Ópera de Montpellier (xuño de 2007), "O país dos sorrisos" na Ópera de Aviñón, "Andrea Chénier"en Módena e Rovigo (outubro de 2007), "Werther" de Massenet na Fondazione Pergolesi Spontini e, finalmente, "Rigoletto" na Ópera de Niza en novembro do mesmo año.

En 2007 foi condecorado coa medalla de Cabaleiro da Lexión de Honor. En 2008, dirixiu "Tosca" de Puccini en Niza e Módena; "A Midsummer Night's Dream" de Britten en Niza; "A vida breve" na Ópera de Saint-Étienne; e "Il Trittico" de Puccini, unha coprodución entre a Ópera deNiza e o Festival Internacional de Música de Macao, co gallo do Ano Internacional Puccini.

En 2009, realizou a posta en escena de "Les Contes d'Hoffmann" tanto na Ópera de Niza como na Ópera Nacional de Singapur, seguida de "Aída" no Palais Nikaïa de Niza. Posteriormente, dirixiu "Manon Lescaut" de Puccini no Festival Torre do Lago, un "Faust" na Ópera de Tel Aviv e outraprodución de "Aída" na Ópera de Aviñón.

En 2011, dirixiu "Don Giovanni" no Festival de Savonlinna, "Rigoletto" nas Chorégies d'Orange, "Jeanne d'Arc au Bûcher" e unha nova produción de "La Bohème".

En abril de 2011 asumiu a dirección da Ópera de Metz Métropole. En 2012, puxo en escena "Carmen" en Seúl e unha nova produción do musical "My Fair Lady" de Loewe en Metz. Entre 2013 e 2014, traballou en Maribor con "Don Giovanni" e "Il Trittico"; en Tolón con "Aida"; e en Metz coa peza "La Traviata". Ese mesmo ano asinou unha nova produción de "Lakmé" para Bonn e Metz, así como "Un ballo in maschera" en Berna e "Faust" en Hong Kong. En 2016, dirixiu "A Midsummer Night's Dream" en Metz; "Manon Lescaut" de Auber en Liexa; "Samson et Dalila" en Maribor; e "Cavalleria rusticana" e "Pagliacci" en Metz, onde en 2017, realizou "Les Contes d'Hoffmann", "Werther" e "La Bohème". E igualmente na temporada 2018/2019, dirixiu "Tosca" e "Carmen" (coprodución coa Fondazione Pergolesi Spontini) e "Rigoletto" en Reims. En 2019/20, presentou "Cavalleria rusticana" e "Pagliacci" en Saint-Étienne, "Carmen" en Massy e Aviñón, e "Giovanna d'Arco" en Metz.

En 2020/21, dirixiu "Carmen" e "Aucassin et Nicolette" en Reims, "Fidelio" en Metz e "Samson et Dalila" na ABAO-OLBE de Bilbo.

TOSCA

Patrick Méuüs
Escenografía e iluminación

Comezou iluminando numerosas coreografías, creando así un gran número de deseños de iluminación para danza.

Desde aquela, tamén deseñou iluminación para teatro e ópera, en Francia e no estranxeiro: OpéraComique de París, Opéra de Montpellier, Chorégies d'Orange, Opérade Monte Carlo,Opéra de Lausanne, Ópera de Bilbao, Opéra de Marseille, Savonlinna Festival Finland, Helsinki Opera, Seoul National Opera (KNO), Teatro Colón de Bos Aires, Opéra de Nice, Opéra de Metz, Capitole de Toulouse, Opera de Saint-Étienne, Théâtre Montparnasse de París, Opéra de Toulon, Opéra de Liège, Opéra de Maribor, Comédie-Française de París, Ópera de Oslo, Théâtre du Rond-Point de París, Opéra de Lille, Ópera de Oviedo, Opera de Leipzig, Ópera de Nantes, Teatro delle Muse Ancona, Opera de Rome, Théâtre de la Porte Saint-Martin de París, Ópera de Nápoles, Ópera de Beijing, Ópera de Tenerife, Festival de Aviñón, Festival Tore Del Lago, Ópera de Macao, Ópera do Rin, Academia de Música de Brooklyn (BAM) Nova York, Ópera de Bordeos, Théâtre de l'Athénée de París ou Teatro Verdi di Pisa.



Colabora con numerosos directores: Arnaud Bernard, Vincent Boussard, Toni Cafiero, Pascale Chevroton, Anne Delbée, Louis Désiré, Paul Emile Fourny, Andres Gergen, Federico Grazzini, Alison Hornus, Petrika Ionesco, Dieter Kaegi, René Koering, Sylvie Laligne, Georges Lavaudan, Joel Lauwers, Thomas Lebrun, Daniel Mesguich, Gabriele Rech, Jérôme Savary, Adriano Sinivia, Véronique Vella, Jean Marie Villégier, Carlos Wagner, Frederick Wiseman, e coreógrafos: Mauricio Wainrot, Éric Vu-An, Hamid El-Kabouss, Angel Rodriguez, Kader Bélarbi, Dinna Björn, Claude Bessy, Lorena Coppola, Barry Collins, Monique Loudières, Patrick Delcroix ou Nanette Glushak.

Foi deseñador de iluminación permanente no Centro Coreográfico Nacional de Roubaix Nord/Pas de Calais, onde iluminou, entre os anos 1985 e 1994, unha gran parte do repertorio de Balanchine. En 2021/22, puxo en escena “Frankenstein Junior”, “Aucassin et Nicolette” e “Mireille en Metz”.

TOSCA

Giovanna Fiorentini
Vestiario

Logo de graduarse en Deseño de Escenografía e Vestiario na Academia de Belas Artes de Venecia, deseñou vestiario para obras de teatro e musicais, entre eles "L'Abate degli illusi" (dirixida por Gabbris Ferrari) e "Nina, no far la stupida" (dirixida por Damiano Michieletto), de xira polo Véneto. Tamén creou escenografía e vestiario para "Nabucco" na Ópera de Niza, o vestiario de "Andrea Chénier" para a Ópera Nacional de Málaga, e para "Manon Lescaut", "La Fanciulla del West" (tamén para Puccini) e "La Cenerentola" para o Teatro de Erfurt. Para o director Paul-Emile Fourny, deseñou o vestiario de "Lakmé" no Teatro Bonn, de "Don Giovanni" no Festival de Ópera de Savonlinna e para o Teatro Nacional Esloveno en Maribor, de "Trittico" de Puccini en Maribor, Tours e Metz, de "La traviata" e "La Vida Breve" na Opéra-Théâtre de Metz Métropole, de "Manon Lescaut" de Auber na Opéra Royal de Wallonie en Liexa, de "Cavalleria Rusticana" e "Pagliacci" en Metz, Toulon e no Teatro Pergolesi de Jesi, de novo en Jesi para "Carmen" (2019) e "La rondine" (2023).




Deseñou o vestiario de "Les Contes d'Hoffmann", "Rigoletto" e "Aída", "The Telephone", "Amelia va al baile", "Rusalka", e no Teatro Antico de Taormina coa reposición de "Trittico" de Puccini. Desde 2004 ensina Técnicas de Deseño de Vestiario na Academia de Belas Artes de Venecia, desde 2015 ocupa a cátedra de Deseño de Vestiario para Espectáculos na Academia de Belas Artes Albertina de Turín.

TOSCA

Julien Soulier
Deseño de vídeo

Julien Soulier (Guéret, Francia, 1988) é realizador e fotógrafo francés, recoñecido pola súa aproximación emocional e narrativa á imaxe en movemento. O seu traballo abrangue o videoclip musical, o documental, a publicidade e a fotografía editorial, onde desenvolve unha linguaxe visual propia caracterizada pola intensidade atmosférica e a atención ao xesto humano.

Logo de se ter formado en creación publicitaria, inicia a súa traxectoria profesional en colaboración coa prestixiosa produtora Partizan, coa que mantén unha relación artística continuada. En paralelo, desenvolve proxectos fotográficos persoais, entre os que destaca a serie "Demolition Derby", exposta en 2018 no festival Voies Off dos Rencontres de la Photographie d'Arles.



No ámbito musical traballou con artistas internacionais como Rone, Rejjie Snow, Lewis Ofman, Caravan Palace, Kevin Gates ou Stromae, para quen realizou tanto a súa recordada actuación en "The Tonight Show with Jimmy Fallon" como o videoclip "L'Enfer", peza clave no regreso artístico do cantante.


O seu labor como fotógrafo editorial foi publicado en medios como Le Monde, Libération, Vice, Vanity Fair, GQ, Numéro ou Les Inrockuptibles, entre outros.

En 2018 cofundou o magazine "Sport Étude", proxecto editorial dedicado a retratos monográficos de personalidades do deporte contemporáneo. En 2024 dirixiu o documental "Clarisse Agbegnenou: l'Olympe pour Athéna", emitido por France 2, centrado no percorrido vital e deportivo da campioa olímpica no contexto dos Xogos de París 2024.

TOSCA

Noah Vannei

Asistencia de dirección escénica



Noah Vanneidesenvolve a súa actividade profesional no ámbito da ópera como asistente de dirección escénica e actriz. Colabora de xeito habitual coa Opéra-Théâtre de l'Eurométropole de Metz, e participa en distintas producións tanto desde o traballo escénico como desde a interpretación. Paralelamente, desenvolve actividade no ámbito da dobraxe,o que reforza a súa sensibilidade actoral e a súa atención ao traballo dramatúrxico. O seu perfil combina experiencia práctica no proceso de montaxe cunha sólida presenza escénica, achegando unha visión integral do feito teatral.

Damiano Cerruti

Mestre correpetidor



Licenciado en Piano, obtivo o título de segundo nivel con especialización en "acompañamento de piano". Obtivo o Diplomade primeiro nivelen Dirección Orquestral baixo a dirección do mestre Daniele Agiman. Perfeccionou as súas habilidades pianísticas cos mestres Jean Francois Antonioli en Lausana e en dirección co mestre Erwin Acel no Musikseminar de Viena.

Jaime Rodríguez Roa

Rexedor



Músico polifacético, con máis de 27 anos de experiencia como intérprete do óboe, tanto en orquestras, grupos de cámara e tamén na docencia. Durante os últimos anos soubo compaxinar saberes, traballando como Stage Manager nos principais teatros de ópera de España,como o Gran Teatre del Liceu de Barcelona, Palau deles Arts Reina Sofía de Valencia ou o Teatre Principal de Palma, entre outros.

CURSO DE INTERPRETACIÓN VOCAL

Amigos da Ópera continúa un ano máis, e xa van 11, coa súa aposta pola formación de novos talentos. O curso de interpretación vocal da tempada lírica é unha oportunidade excepcional non só de ampliar coñecementos, senón tamén de subirse ao escenario ao finalizar a semana formativa.

Un curso que non só insignia aos estudantes, senón que mostra as súas capacidades e dá a oportunidade de entrar a formar parte de futuros elencos das programacións de Amigos da Ópera.

Profesor: Carlos Álvarez
Mestre repetidor: Damiano Cerutti
Inscricións: Xuño- Setembro 2026
Inscricións: 28 de setembro ao dous de outubro no Conservatorio Superior de Música da Coruña.
Recital final de curso: 3 de outubro, Museo de Belas Artes
Nesta edición, a formación volverá ser no Conservatorio Superior de Música da Coruña, contará co barítono Carlos Álvarez como profesor. Estará acompañado ao piano polo mestre repetidor Damiano Cerutti.




PROXECCIÓN DE ÓPERA

Afundación
Novembro 2026
20.30 horas

O tríptico de ópera en vídeo aborda os vínculos entre poder, identidade e destino a través de grandes relatos líricos onde o individuo se enfronta a estruturas políticas, relixiosas ou sociais que o anulan. As obras seleccionadas amplían a programación escénica do festival e permiten reflexionar, desde a música e a dramaturxia, sobre os procesos de exclusión e deshumanización que atravesan a historia.




Nabucco (5 de novembro)
O poder político e relixioso fronte a un pobo privado de identidade.
Exilio, opresión, pertenza colectiva.



A Juive (19 de novembro)
O fanatismo como mecanismo de exclusión e destrución do individuo.
Identidade negada, violencia ideolóxica, destino tráxico.

Wozzeck (26 de novembro)
O individuo reducido a obxecto polo poder militar, científico e social.
Deshumanización absoluta, destino selado, anulación da vontade.



PROXECCIÓN DE CINE

Filmoteca de Galicia

Novembro, 20,30 horas


Este ciclo de cine explora as relacións entre destino, poder e pertenza a través de historias onde o individuo queda atrapado en estruturas que o superan. As películas seleccionadas dialogan coa programación operística do festival e propoñen unha reflexión sobre os procesos de deshumanización que atravesan tanto o colectivo como o íntimo.

El Kaiser de Atlantis
(5 novembro)
Documental sobre a ópera composta por Viktor Ullmann no campo de concentración de Terezín.Poder absoluto, destino imposto, deshumanización institucional.

Dogville (12 novembro)
Unha comunidade que exerce o poder desde a exclusión e a violencia moral. Pertenza forzada, abuso colectivo, negación da dignidade.

La cinta blanca (26 novembro)
A orixe da violencia estrutural nunha comunidade rexida pola autoridade, a culpa e o castigo. Educación como instrumento de poder, destino social herdado, deshumanización cotiá.







ÓPERA PARA NENOS

Afundación
Auditorio

Por cuerto ano consecutivo Amigos da Ópera da Coruña envórcase coa formación nos centros educativos. Nesta edición volverá proporcionarse o dossier formativa aos centros educativo públicos e concertados da Coruña e a súa área de influencia.



Unha formación que finaliza cunha master class final que nesta edición ademais tamén se realizará para os residentes e internos do Hospital Materno Infantil Teresa Herrera.



LÍRICA INCLUSIVA

Nerea González

Soprano

Circo de Artesanos
19 horas
6 de novembro
Piano: Gabriel López

Soprano natural de Cacabelos, León. Gañou o primeiro premio na competición internacional de ópera Grandi Voci que tivo lugar en Salzburgo en 2024, onde se impuxo a máis de 400 cantantesprocedentes de todo o mundo.

Obtivo o recoñecemento do Consejo Comarcal de El Bierzo.
Debutou Abigaille, "Nabucco" de G. Verdi, en Oper im Berg Festival en Salzburgo e Alemaña. Participou no día da música da Ópera de Oviedo coa Filharmónica de Xixón e a Cámara de Comercio. En 2025 representa a Ópera de Oviedo no Oper-Air- Music Festival Descopera en Moldavia. Participará en "Rigoletto" para a Ópera de Oviedo, temporada2025/026. Entre o seu repertorio atópase: "Anna Bolena" de G Donizetti, "Norma" de V. Bellini, Mimi de "La Bohème", "Tosca", "Manon Lescaut" de G. Puccini, Abigaille de "Nabucco" ou Elisabetta de "Don Carlo" G. Verdi.



En 2025 participa no curso de interpretación vocal impartido por Carlos Álvarez e é seleccionada para protagonizar un dos recitais de lírica inclusiva da Temporada da Coruña en 2026.

LÍRICA INCLUSIVA

Chiara Salerno
Soprano

Forum Metropolitano
19 horas
18 de novembro
Piano: Gabriel López

Chiara Salerno (Siracusa, 1995) inicia os seus estudos musicais aos sete anos, inicialmente ao piano, e gradúase no Conservatorio Vincenzo Bellini de Catania baixo a guía do mestre Raffaele Terlizzi. Posteriormente comeza o estudo do canto lírico, para obter o título en 2021 e debuta o rol de Violetta Valéry en "La Traviata" de Giuseppe Verdi.

Perfecciona a súa formación na Haute École de Musique (Suíza) xunta a soprano Jeanette Fischer. En 2025 obtén o Máster en Interpretación Operística no Conservatorio Superior Joaquín Rodrigo de Valencia baixo a dirección da soprano Ofelia Sala. Perfecciónase con artistas como Jessica Pratt, Isabel Rey, Nancy Fabiola Herrera, Barbara Frittoli, Maria Dragoni, Carlo Colombara e Marcello Giordani. Colaborou con directores de orquestra e de escena como Henning Brockhaus, Gianluca Marcianò, Grischa Asagaroff e Stefano Trespidi. Gaña concursos internacionais, como o Primeiro Premio no Ciudad de Albacete (2024), o Primeiro Premio en Teror (2025), Premio Especial da Asociación Amici do Loggione do Teatro alla Scala no Magda Olivero (Milán), o Premio Amigos da Ópera da Coruña e o de Alcalá de Henares no Concurso Internacional de Zarzuela de Valleseco (2025). Desenvolveu a súa carreira internacional como solista entre España e Italia, actuando en importantes contextos operísticos e concertísticos. Soprano lírico-lixeira, é especialmente apreciada pola crítica, o público e os directores artísticos pola calidade do seu timbre e a súa intensidade expresiva, sendo definida como "unha voz que conquista os corazóns". Destaca pola súa gran sensibilidade interpretativa, a profundidade psicolóxica na construción do personaxe e unha presenza escénica elegante e refinada.



LÍRICA INCLUSIVA

Carmen Larios

Soprano



Centro Cívico Montealto
19 horas
29 de outubro
Piano: Gabriel López

Comeza os seus estudos de Piano aos oito anos no Conservatorio de Cuevas del Almanzora, Almería. Continúaos xunto coa especialidade de Canto no Conservatorio Profesional de Música Narciso Yepesde Lorca, Murcia,aos 12 anos. Continúa con ambos os dous en 2019 no Conservatorio Superior de Música de Castilla y León, Salamanca, onde finaliza os seus estudos superiores de Piano en 2023 e de Canto en 2024. Participa en concursos nacionais e internacionais. No XIX Certamen Nuevas Voces de Sevilla, obtén o primeiro premio no Teatro de la Maestranza. Recibe os galardóns Especial Accademia del bel canto Rodolfo Celletti e mais o Premio Especial Real Orquesta Sinfónica de Sevilla. Obtivo unha bolsa de estudos para ingresar na academia en 2024 e un concerto coa Real Orquesta Sinfónica de Sevilla no Real Alcázar de Sevilla, respectivamente. Obtén o terceiro premio no Concurso Internacional de Lousada, Portugal (2024), e un premio especial para realizar este recital.

Participou na IV edición do programa Crescendo do Teatro Real de Madrid e formou parte do elenco da produción da ópera "La Liberazione di Ruggiero dall'Isola d'Alcinade FrancescaCaccini" nos Teatros do Canal de Madrid (xuño 2024). Ofreceu concertos na sala principal do Teatro Real pola presentación da nova temporada, entre outros eventos.

En febreiro de 2024 foi sopranosolista no "Réquiem" de Mozart no Auditorio Nacional de Madrid. Debutará no rol de Salud en "La Vida Breve" de Falla na Universidade Humboldt de Berlín. Conseguiu unha bolsa de estudos da Asociación Wagneriana de Madrid para o Festival de Bayreuth en agosto. Será parte do Opera Studio da Staatsoper de Stuttgart a partir de setembro de 2025, onde formou parte do elenco do "Parsifal" de Wagner como Blumenmädchen. Reside en Berlín, onde cursa o máster en ópera na Hochschule für Musik Hanns Eisler.

LÍRICA INCLUSIVA

Gabriel López
Piano



Nace en Fene onde á idade de oito anos comeza os seus estudos de Solfexo co profesor José González, para continuar a súa formación musical no Conservatorio Profesional de Música de Ferrol dirixido por Ricardo Blanco. Conclúe os seus estudos no Conservatorio Superior de Música da Coruña baixo a supervisión de Natalia Lamas. Durante o seu período de formación obtén as máximas cualificacións e galardóns e é posuidor de diversos premios en concursos de ámbito nacional e internacional. Participa en diversos cursos con Natalia Lamas, Guillermo González, Doménico Codispoti, Luiz de Moura, Ricardo Descalzo, Josep Colom, Lazlo Gymesi, Eulalia Solé, Luca Chiantore etc...

Realiza gravacións de diversos discos cos saxofonistas Alejandro Cimadevila, Jorge García Rojo, o fagotista David Novelle, o clarinetista Emilio Alonso Espasandín, o contrabaixista Antonio Romero Cienfuegos, o trombonista Mateo Naval e a Coral Polifónica Follas Novas e El Eco. O seu último traballo discográfico é publicado no ano 2018 xunto a Marcos Mariño no que realiza a gravación da obra íntegra para saxofón e piano do compositor Juan Durán.

As súas actividades como solista inclúen a interpretación do Concerto para piano e orquestra Nº 5 "Emperador" de L.V. Beethoven nas cidades de Ferrol e A Coruña, xunto coa Orquestra Gaos ou o concerto para piano e orquestra en Dó Maior de Leroy Anderson xunto coa Banda Municipal da Coruña ou a Banda do CMUS Profesional da Coruña baixo a dirección de Julio Cabo Messeguer.

Conta coa estrea absoluta de obras de compositores como Juan Durán, David Cuevas, Fernando Alonso, Rudesindo Soutelo, Fernando V. Arias, Paulino Pereira ou Margarita Viso, entre outros. Participa xunto a importantes figuras nacionais e internacionais do mundo do canto entre os que cabe destacar Pedro Martínez Tapia, Celso Albelo,Irina Lungu ou Clara Jeliovsky.

Ten tamén a oportunidade de traballar con importantes figuras como Thomas Hampson, o mestre Daniel Oren, Leo Nucci ou Alberto Zedda, dos que recibe as mellores críticas.

LÍRICA INCLUSIVA

Gabriel López

Piano

No ámbito de cámara participa en diversos recitais xunto ao Quinteto de metais “Santa Cecilia”, “Hércules Bass”, “Airas Ensemble” e “Azahar Ensemble”, grupos de gran repercusión do panorama musical español. Toca asiduamente xunto ao clarinetista Emilio A. Espasandín e forma ademais parte de Op. 3 xunto ao trompista Benxamín Iglesias e o frautista Joan Ibáñez e do Dúo Sciolto (saxofón e piano) xunto a Alexandre Gallego co que acada diversos premios internacionais no ámbito da música de cámara (Verona, Saraxevo, Milán, Atenas, Viena...).

Desde hai anos xunto a Marcos Mariño Vázquez, forma o dúo de Saxofón e Piano “Brillance”, co que realiza concertos por toda a xeografía galega e española. Ambos os dous dúos están considerados como dous dos máis estables e solventes da nosa xeografía. Na actualidade é profesor no Conservatorio Superior de Música da Coruña no que realiza o labor de pianista acompañante.

AMIGOS DA ÓPERA DA CORUÑA

XUNTA DIRECTIVA

• PRESIDENTE	José Luis Méndez Romeu
• VICEPRESIDENTE	José María Paz Gago
• SECRETARIA	Cristina Vázquez Boedo
• TESOUREIRA	Carmen Granados Cabezas
• VOCAIS	Luisa Iglesias López
	Luis Loureiro Ínsua
	José Manuel Vázquez Cruzado

EQUIPO TÉCNICO

• DIRECTOR ARTÍSTICO PROGRAMACIÓN DA TEMPORADA LÍRICA	Aquiles Machado Galíndez
• ADMINISTRACIÓN	Ana Isabel Díaz Loureiro
• RESPONSABLE DE COMUNICACIÓN	APT Comunicación

COLABORAN:
XUNTA DE GALICIA
Xacobeo 2027
Concello da Coruña
Deputación DA CORUÑA
FUNDACIÓN emalcsa
CONSORCIO PARA LA PROMOCION DE LA MUSICA
inaem

AGRADECEMENTOS:
MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA
Afundación Obra Social ABANCA
VIÑETAS DESDE O ATLANTICO
CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA
FILMOTECA DE GALICIA
VENDA DE ENTRADAS Ataquilla.com

COLABORAN:


XUNTA
DE GALICIA


Xacobeo
2027


Concello da Coruña


XUNTA
DE GALICIA


Xacobeo
2027

AMIGOS DE LA ÓPERA DE A CORUÑA

COLABORAN:

XUNTA DE GALICIA · Xacobeo 2027 · Concello da Coruña · Deputación DA CORUÑA · FUNDACIÓN emalcsa · CONSORCIO PARA LA PROMOCION DE LA MUSICA · inaem

AGRADECEMENTOS:

MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA · //Afundación Obra Social ABANCA · VIÑETAS DESDE O ATLANTICO · CMUS PROFESIONAL DA CORUÑA · FILMOTECA DE GALICIA

VENDA DE ENTRADAS Ataquilla.com

XUNTA DE GALICIA · Xacobeo 2027

• Coordinador técnico	Iván Barreiro
• Xefe de luces	Antón Cabado
• Primeiro oficialde luces	José Luis Torrado
• Xefe de atrezo	Edgar Medina